

RESOLUCIÓN REITORAL DE CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN REITORAL DO 2 DE XULLO DE 2025 POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS DE FORMACIÓN EN UNIDADES E ÁREAS DIRIXIDAS AO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO 2025/2026.

Detectado erro no ANEXO II BOLSAS CONVOCADAS da convocatoria de bolsas de formación en unidades e áreas dirixidas ao estudantado da Universidade de Vigo para o curso 2025/2026, Visto o artigo 109.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas*.

ESTA REITORÍA RESOLVE

Modificar o ANEXO II BOLSAS CONVOCADAS no Campus de Vigo e incluír na bolsa **VI-U-11 VICERREITORÍA DE INTERNACIONALIZACIÓN** a comisión de selección, quedando redactada do seguinte xeito:

Comisión de selección	<i>Presidente:</i> Óscar Ferreiro Vázquez, director da área de Plurilingüismo
	<i>Vogais:</i>
	José Santiago Pozo Antonio, director de área de Promoción da Internacionalización
	María Pardal Piñeiro, técnica de Relacións Internacionais

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/24)
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade
Natalia Caparrini Marín